

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



Nivel Medio 👉👉



# POLOS CREATIVOS

KS-DT2-Pensamento de deseño  
Medio

Actividade elaborada coa colaboración de

DESIRE

Escola de Enxeñaría  
de Telecomunicación  
Universidade de Vigo

## Achega

- Material de uso cotiá na clase
- Materiais e ferramentas dos Polos creativos

## Observa

- **Etapa empatía:** senta coas outras persoas do teu grupo e pídelles ao mestre que vos amose un problema de como mellorar un aspecto da clase (a clase en xeral, a organización de espazos, as quendas para ir ao baño, o que se fala na asemblea ao principio, etc.). Fala cos teus compañeiros/as para saber o que opinan do problema.
- **Etapa ideación:** pensade entre todas/os diferentes ideas de como mellorar ese aspecto da clase. Entre todas as propostas elixide a que vos pareza máis sinxela de facer á vez que “molona”.
- **Etapa prototipado:** prototipa esa proposta usando materiais e ferramentas que teñades á vosa disposición.
- **Etapa probas:** presenta ao resto de estudantes o traballo que fixéchedes.

## Indaga

- Tedes diferentes puntos de vista sobre o problema? O que dixeron os teus compañeiros fíxote ver a problemática desde outro punto de vista?
- Entre todo o grupo, sodes quen de pensar dez diferentes solucións para o problema? As solucións dos teus compañeiros serviron para atopar solucións novas a partir delas? Fostes quen de elixir unha solución coma a máis axeitada ao problema?

Nivel Medio 🙌

- Usando os materiais e ferramentas dispoñibles na clase e no Polo do centro, facede realidade a solución. Sodes quen de facer un prototipo sinxelo? O prototipo serviu para demostrar como solucionar o problema?
- Amosade o voso prototipo ao resto dos grupos da clase. Os/as vosos/as compañeiros/as, atoparon outras solucións ao problema presentado? Xurdiu debate sobre os prototipos e a súa adecuación para resolver o problema proposto?



Segue o código QR do reverso para descargar o manual.

